

## Sobre unha adiviña galega e as súas relacións cun *fabliau* do século XIII

CAMILO FLORES

Relendo a recolleita publicada hai xa algúns anos por Paco Martín (1), topei con tres variantes dunha mesma adiviña (2) sorprendentemente emparentada cun dos *fabliaux* eróticos máis coñecidos (3). Pero o máis rechamante do caso é que as coincidencias literais, en paga de apareceren no que é o texto mesmo da adiviña, áchanse na solución que, pola súa banda, ten un carácter de narración mínima. Por iso, e a pesar da distancia cronolóxica, cultural e mesmo formal que os separa, propúxenme comparar estes dous textos.

Como é sabido o *fabliau* é un "conte à rire en vers" (4) que trata as máis das veces dun engano ou dunha xogada parecida en clave erótica. O que nos parece que ten relación coa nosa adiviña parte dun esquema narrativo anterior (5), no que unha personaxe adolescente e inxenua desperta ó erotismo por medio da aprendizaxe simultánea da función dun órgano e da do seu nome. No noso caso, a protagonista é unha especie de *casta virgo* que se desmaia cada vez que sinte a palabra *fotre* ou calquera outra que con iso teña que ver. Tal actitude convértea nunha presa imposible e cobizada polos galáns dos arredores. Un mozo, sabedor da súa beleza e dos seus desmaios, proponse conquistala, utilizando para tal fin a estrataxema de se finxir a súa alma xemia. Cando alguén menta a palabra chave, durante unha cea na casa da rapaza, déixase cair como desmaiado canda ela e logra persuadir á concurrencia de que "*or a la pucele baron*". A mesma rapaza, convencida da sinceridade e do axeitado do mozo, roga a seu pai que llo dea por marido (6). A noite de vodas (7) será a ocasión que propicie a descuberta do erotismo corporal por parte da *casta virgo*: coa súa man vai tentando cara abaixo o corpo do home, ó tempo que pregunta como se chama aquilo que ela non ten no seu. As respostas son outros tantos eufemismos (equivocos moi transparentes para quen le) que contrastan coa linguaxe descarnada do narrador. Chegado o

---

(1) P. Martín, *O libro das adiviñas*, Madrid, Akal, 1975.

(2) Levan os números 40, 272 e 355.

(3) El mesmo conservado por tres manuscritos que ofrecen variantes nalgún dos seus prantexamentos. Unha edición accesible é a de J. Rychner, *Contribution à l'étude des Fabliaux. Variantes, remaniements, dégradations*, Xenebra, Droz, 1960, pp. 120-135. Para o noso traballo utilizaremos-la variante do manuscrito A.

(4) Definición de J. Bédier, retomada por P. Nykrog, *Les Fabliaux*, 2ª ed., Xenebra, Droz, 1973, p. 14.

(5) De orixe oriental.

(6) Rasgo cultural moralizante que estropea un pouco o conto de seducción.

(7) Unha das situacións favoritas do chiste erótico.

seu turno o mozo fai as mesmas preguntas e o conto remata coa consumación do acto sexual a requerimento da rapaza, sen que teñan necesidade ningunha de empregaren a palabra prohibida. O núcleo do "conte à rire" consiste nunha serie de correspondencias e contrastes entre o que din os dous personaxes (él finxidamente, claro) e o que conta o narrador cómplice dun narratario que está xa de volta. Esquemáticamente:

NARRADOR (E NARRATARIO)	PERSONAXE(S)
pis	ce est tout vostre
vit	mes poulains
coilles	li sas a l'avaine
mamele	fruis
poinil	praiiaus
con	fontenele
haveüre (cul)	gaite
(fotre) (8)	pestre

Volvendo sobre a comicidade da escea, compre salientarmos que a risa nace do triunfo do erotismo sobre a dificultade ou a prohibición do seu disfrute. Tamén é favorecida por unha distancia que se acentúa polo contraste dos termos prohibidos cos falsos eufemismos que os substitúen e a que hai entre o que saben e o que entenden os diversos suxeitos implicados no propio texto e na súa lectura. A utilización de termos que poderían ser reputados de "baixos" ou "groseiros" ven xustificada, en parte, pola necesidade de facer máis evidente o contraste e fundamentalmente por se-lo *fabliau* un xénero que ten por finalidade a de nos facer rir. O xuglar da versión D di claramente na interpelación inicial ó público que a palabra chave do seu conto "*n'est pas vilaine a dire, / Mais moz por la gent faire rire*". É dicir, pon en práctica o que Horacio deixara dito na súa *Arte Poética*, vv. 105-107: *tristia maestum / uultum verba decent / ludentem lasciuu*, cousa que ven a coincidir, xa que logo, cun dos universais da risa.

Vexamos agora as nosas adiviñas galegas. Nelas un home diríxese a unha muller pidíndolle que lle deixe meter algo que metafóricamente parece aludir ó membro viril nun lugar que parece se-la súa réplica metafórica feminil. A muller respóndelle que hai que deixalo crecer antes de metelo (e na número 40, que, mentres tanto, lle fará "uns chischirismiches coa sustancia da entreperna"). Esquemáticamente (9):

(8) Sobreentendido: por se-la palabra chave desde o principio, estilísticamente sería un erro repetila no momento ákido.

(9) O número 40 presenta máis equívocos da mesma natureza que reforzan mais, se isto é posible, a interpretación erótica.

EQUIVOCO EN BOCA DO PERSONAXE	EQUIVOCO INTERPRETABLE	SOLUCION
goloso/ penachudo/ deixudo	vaxina	prado
meter	copular	meter a pacer
desexoso/ arreído/ forzudo peludo	pene	cabalo
crecer etc.	porse erecto	crecer

Na adiviña o fundamental é que hai dous textos independentes. O primeiro é o aparente, o formulado as máis das veces como pregunta, e o segundo é, en condicións normais, coñecido polo interrogando e descoñecido polo interrogado, polo que existe unha diferenza de saberes entre aquel e este (10). Por outra banda, a estrataxema non pertence aquí a un dos suxeitos da acción, senón a quen formula a adiviña, por iso a interpretación inxenua é a que se agacha debaixo dunha aparencia maliciosa que só el coñece. Nas adiviñas, e non só nas que teñen referencias eróticas, a risa non xorde tanto do que dicimos ó falarmos do *fabliau* como da diferenza de saberes; nace por tanto do triunfo de quen sabe a solución sobre quen non se atreve a responder por medo de utilizar esas palabras ou sobre quen, enganado, responde utilizándoas; só posteriormente, cando o preguntando dá a solución correcta, a risa xorde dun fenómeno en certa medida similar ó explicado para o *fabliau*.

Vemos así que mentres no conto erótico o sexo é un pretexto fácil para facer rir, na adiviña serve para orientar unha interpretación das metáforas equívocas da súa formulación. Na adaptación da trama narrativa dun conto da vella tradición recórrese á deixa-lo explícito groseiro que estaba en boca do narrador e que se entendía doadamente para unha previsible interpretación que fará o preguntado; mentres, a metáfora inxenua e substituída por unha maliciosa no texto da pregunta e convértese na solución, sen figura ningunha.

#### TEXTO DAS ADIVIÑAS

##### Número 40

-Boas tardes rapaciña,  
coa súa bimbirimbela:  
veño a ver se me deixa o seu goloso  
para meter o meu desexoso.  
-Felices teña vostede,  
recolla o que lle colga  
e déixeo crecer  
que eu llo deixarei meter.  
É séntese que lle fago uns chischirismiches  
coa sustancia da entreperna.

(10) Obsérvese que quen pregunta é moitas veces unha persoa de idade como o abó, o pai-drifio, o tío, os rapaces maiores ós máis novos, etc.

**Solución:** Chega un home a cabalo onda unha rapaza que está fiando e pí-delle que lle deixe entra-lo cabalo a pacer no prado. Ela avísao de que ven coa capa darrastro e contéstalle que a herba aínda é moi pequena e convidao a tomar algunha lamberetada que fará con leite.

**Número 272**

-Señorita do díncole dóncole  
déixeme mete-lo meu arreúdo  
no seu penachudo.  
-Está rapadiño dafeito  
déixeo crecer  
e despois véñao meter.

**Solución:** O home pí-delle á muller que lle deixe entrar no prado ó seu ca-balo e ela respóndelle que deberá deixar medra-la herba.

**Número 355**

-Xa me dixo teu pai  
que me deixaras meter  
o meu forzado peludo  
no teu deixudo.  
-Dígalle vostede, señor amo,  
que iso non pode ser,  
que para deixarlo meter  
hai que deixalo crecer.

**Solución:** a mesma cá da anterior.